



Cando o cristianismo era novo. Vivir, pensar e actuar desde as orixes da experiencia crente

Fernando Rivas Rebaque. Edic. HOAC, Madrid 2017, 215 pp.

Se por mozo entendemos novo, fresco, novidoso, inclusivo e ameno, de acordo. Se por mozo quixo subliñar o seu carácter previo, prístino ou inicial, tamén. Certamente, non se podía elixir mellor título para unha proposta fresca e amena con itinerarios de fe a partir dos Padres e das Madres da Igrexa primitiva (PMI).

Talvez sexa este un dos seus maiores logros. Fernando Rivas soubo conxugar sabiamente a súa innegable pericia e o coñecemento das fontes patrísticas coa súa preocupación pastoral por aterrar nos problemas concretos do cristián do común. Como el mesmo confesa ao longo da súa obra, «non pretende ser un estudo exhaustivo nin puramente académico» senón achegarnos ás «vidas, obras e pensamentos dos PMI», para que poidan axudarnos a facer «unha lectura (crente) da realidade» e ofrecer «claves para a súa transformación», encarnándose na nosa propia existencia, debido a que «hoxe seguen vi-

vos moitos Padres e Madre da Igrexa, anónimos e coñecidos» (pp. 10 e 211). Poñamos un exemplo para facer boca e excitar o noso apetito. Despois dun percorrido sobre a inserción do cristianismo no seu matriz cultural, e á mantenta da Escola de Alexandría, remata o epígrafe coa seguinte perla:

«Outra lección que podemos aprender desta escola é que os procesos máis interesantes de inculturación, e por tanto evanxelización, prodúcense cando o cristianismo non está situado como maioría, ten unha actitude positiva ante a realidade e atópase cunha cultura forte ou moi desenvolvida, que non pode ser substituída con facilidade. Nestes casos o cristianismo medra e consegue os seus mellores resultados» (p. 75).

Este, como dicimos, constitúe o *leit motiv* e o ton xeral do libro: unha viaxe permanente desde a nosa realidade presente ao comezo do cristianismo para

deixarse iluminar polos PMI. Para axudarnos aos lectores, cada apartado da primeira parte culmina cunha guía de lectura que contén preguntas moi aceriadas e, na segunda parte, aparecen unhas aprendizaxes vitais, algunhas das cales pode deixar tremendo ao máis seguro nas súas conviccións vitais.

Poderíamos aludir, a modo de exemplo, ademais dos anteriormente referidos, aos textos sobre atención a pobres, enfermos, orfos, estranxeiros, ás institucións rexentadas por diaconisas nos séculos III e IV, á vixilancia dos diáconos cando puidese existir violencia machista ou á atención á inmigración chegada á costa (pp. 120-21). Da segunda parte poderíamos e deberíamos rescatar os textos sobre os cristiáns anónimos en Xustiño (pp. 147-48), a Xerónimo, o *outsider* ou verso solto, intelectual íntegro e de fina ironía (pp. 150-156), as dúas últimas «aprendizaxes vitais» do capítulo dedicado aos bispos cunha reflexión ben actual sobre a esmola e os donativos (pp. 175-176), ou sen ir máis lonxe, a mística conxugada da escuridade e simbólica pero «de ollos abertos» de Gregorio de Nisa e Efrén o Sirio, no último apartado. É moi posible que

calquera dos grandes itinerarios espirituais do cristianismo occidental moderno (os Exercicios de San Ignacio ou o Camiño Neocatecumenal sen ir máis lonxe) puidese resumirse cunha desas pequenas pílulas que nos regala o autor, neste caso á man de Gregorio de Nisa,

«[...] o percorrido crente, que non é outra cousa senón personalizar por medio do Espírito este encontro nas circunstancias concretas da miña vida, e continúa mesmo despois da morte, coa resurrección, onde se segue buscando esta participación sempre inesgotable daquel que previamente nos alcanzou no seu descenso á humildade da nosa carne» (p. 175).

Como dicimos, a propia estrutura do libro revela unha pedagogía que parte das grandes preocupacións do noso vivir cotián, iluminado desde a fe. Dividiu a obra en dúas partes que resultan moi pedagóxicas porque finalmente van facilitar moito o desenvolvemento do seu propio contido.

A primeira parte do libro ofrece catro aspectos fundamentais do primitivo cristianismo inserido no contexto da sociedade e na cultura romana: o ser cristián, a

familia cristiá, unha proposta urbana, cristiáns nun mundo (imperio) globalizado e, a modo de recapitulación, comunidades contraculturais nun mundo tan hostil? En cada páxina e en cada apartado imos atopar dúas liñas moi marcadas e interesantes que vertebran este pequeno ensaio: o seu carácter crítico e o sinfonismo. En todo momento pregúntase o autor se realmente eran tan «contraculturais» (estará a pensar nos tempos pretéritos ou tamén no agora?) e, sobre todo, a enorme riqueza e a variedade de matices e posturas (cf. por exemplo, as diversas posicións e visións políticas ante un imperio globalizado: modelo radical-mileniarista, disidente-absentista-indiferente, pragmático, conciliador-capilar, pp. 59-70).

Na segunda parte atopamos, de novo, outros cinco apartados esta vez tematizados ao redor de cinco figuras, perfís ou arquetipos, tan de moda nestes días: a testemuña ou mártir (San Ignacio de Antioquía e Perpetua), os intelectuais (Xustiño e Xerónimo), o bispo (Basilio e Juan Crisóstomo), o monxe (San Antonio e Sinclética) e os místicos (Gregorio e Efrén). De novo, outra das preocupacións do autor consiste en rescatar da nube

do esquecemento por xustiza e dignidade a tantas figuras femininas do cristianismo primitivo. Resulta moi succulenta a agrupación e a selección de autores, incluso a orde establecida. Non resulta superficial que culmine coa mística, subtitulada «a espiritualidade», advertíndonos que todos os PMI, en certo xeito son místicos cos pés na terra, é dicir, espidos ante o Espido, calados ante o Inefable, pero cunha palabra significativa para o seu tempo e para os seus contemporáneos.

En definitiva, unha pequena obra que encerra en si un tesouro, especialmente para aqueles que queiran iluminar un cristianismo vivido con intensidade desde as raíces da nosa fe. Son consciente de que deixo moito agachado na mesa sen servir os pratos (por exemplo, o apartado sobre o monacato) para que os lectores se animen a descubri-lo por si mesmos. Creo que esta pequena obra ben podería converterse en libro de cabeceira e manual de referencia para cantos han iluminar, predicar ou ensinar cun mínimo de rigor e fundamento a nosa fe cristiá, sen perder a graza e o estilo necesarios.

Íñigo Arranz